



Sala 19

A Real fábrica de louza de Sargadelos

Antonio Raimundo Ibáñez naceu o 17 de outubro de 1749.

Antonio Raimundo fundou dúas fábricas en Sargadelos.

Unha fábrica era de fundición.

Na fábrica de fundición facían obxectos de metal.

A outra fábrica era de louza

Na fábrica de louza fixéronse as pezas desta sala.

Primeira época

Pezas da primeira época da fábrica:

- Vaixelas: pezas para comer e servir comida.
- Xarróns: pezas para colocar flores e plantas.
- Bustos: pezas que representan a cabeza dunha persoa.
- Os xarróns e os bustos servían para adornar xardíns.

Segunda época

Pezas da segunda época da fábrica:

- Vaixelas.
- Candeeiros: pezas para colocar candeas.
- Centros de mesa.

Terceira época

Pezas da terceira época da fábrica:

- Vaixelas brancas
- Vaixelas decoradas.
- Xogos de té e café.
- Xogos de té e café de xoguete.
- Pezas de toucador.
- Números e letras para casas.

Cuarta época

Nesta época a fábrica facía o mesmo que na época anterior.